

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
XGL/2019/13	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	1 de abril de 2019
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.





A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 1821/2019. Solicitud de ocupación da vía pública

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a solicitude presentada por G. A. G. F., en representación de "Lembranza ESPJ" (establecemento "LEMBRANZA"), na que demanda ampliación de superficie de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras no lugar da Avda. Eugenio Sequeiros.

Visto, así mesmo, dase conta do informe favorable emitido en data 27.03.2019 pola policía local, que é como segue:

"Informe:

A xefatura da policía local de Cangas, con relación á solicitude de G. A. G. F., en representación de local "LEMBRANZA" non observa inconveniente en acceder ao solicitado xa que hai espazo físico para conceder o exposto.

Actualmente ten un terraza de 8,00 metros de longo que ampliaría ata os 14,00 metros."

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

Primeiro.- Que pola xefatura da policía local se emita informe relativo á superficie exacta solicitada polo interesado.

Segundo.- Que polo departamento de xestión de ingresos, se proceda á emisión de informe respecto da viabilidade da solicitude presentada para ampliación de ocupación de vía pública na Avda. Eugenio Sequeiros.

Expediente 1819/2019. Solicitud de sinalización horizontal

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a solicitude presentada por P. R. P., na que demanda sinalización horizontal, con pintado de calzada e poñer liña discontinua na entrada da rúa de Xielas, nº X-Coiro.

Dase conta, así mesmo, de informe emitido en data 27.03.2019 pola policía local, que é como segue:

"Informe: a xefatura da policía local de Cangas, con relación á solicitude de P. R. P., comprobou que efectivamente repuxeron un tramo de 10 liñas de asfalto fronte ao lugar indicado e pintaron liña discontinua. Habería que informar ao titular do vial (Deputación de Pontevedra) para que corrixa o erro (estrada PO-1004)".





A Xunta de Goberno Local acorda dirixir a solicitude da Sra. R. P., xunto co informe emitido pola policía local á Deputación Provincial de Pontevedra, para que por ese organismo se proceda a subsanar as deficiencias detectadas pola policía local.

Expediente 4229/2018. Licenza urbanística

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4229/2018.- O tramitado a instancia de "TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU", con domicilio en rúa Urzáiz, nº X-Vigo, para execución de instalacións telefónicas, consistentes na instalación de dous postes de madeira en Camiño Vello de San Roque, nº X-Darbo, de conformidade co proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico F. J. A. A., de data xullo de 2018, denégase visto o informe desfavorable do arquitecto municipal de data 18 de marzo de 2019, obrante no expediente.

Expediente 1291/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 1291/2019.- Conceder a M. T. M. D. e M. A. P. M., con enderezo en rúa da Madalena, nº X-O Igrexario-O Hío, licenza de obras para en rúa do Outeiro, nº X-Cangas (referencia catastral X), reformar 73,00 m2., de planta baixa, outros tantos en primeiro andar, 28,85 m2., de aproveitamento baixo cuberta e 4,95 m2., de terrazas e ampliar 28,25 m2., de andar baixo cuberta e 10,95 m2., de terrazas, de conformidade co proxecto redactado polo arquitecto J.R. L. de febreiro de 2019. A licenza outorgarase condicionada a que antes do inicio das obras presente proxecto de execución de obras visado e oficio da dirección de obras e execución destas, a formalizar, perante o Catastro Inmobiliario, a declaración conducente á incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza e deberá cumprir co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e que por tratarse dunha edificación sita no ámbito do PEPRI farase un seguimento desta polos técnicos da oficina municipal. O presuposto de execución material ascende a setenta e un mil cincocentos corenta e un euros con sesenta céntimos (71.541,60 €).

Expediente 572/2019. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 572/2019.- Outorgar a M. J. R. G., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Celso Emilio Ferreiro, nº X-Cangas, titular do DNI nºX, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, modificación da licenza de obras nº 24.272, para a remodelación integral dunha vivenda unifamiliar sita en Circundado de Lontreira, nº X, Vilariño-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación elaborada polo arquitecto A. P. F. de data outubro de 2018, na que se recollen obras consistentes na execución dunha lousa para acceso á vivenda, dun cerramento do predio cara ao viero de acceso, na creación de terrazas recortando trazado de cuberta existente, sen aumento de volume, altura nin superficie e na colocación de elementos lixeiros a modo de pérgolas nas terrazas e visto





o informe favorable da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 18.01.2019.

Expediente 6144/2018. Licenza de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 6144/2018.-

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por M. L., T. L. C. e J. C. P., agrupar dúas fincas iniciais de 1.474,00 m²., e 536,00 m²., (referencia catastral X e X), sitas en San Lorenzo, nº X-A Laxe-Vilanova-O Hío, para parcelar en dúas parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto técnico S. G .F. de data decembro de 2018, do cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 839,40 m²., na que existe unha vivenda, a parcela 2 de 1.107,20 m²., na que existe unha vivenda e un hórreo e a parcela 3 de 63,29 m²., de cesión para ampliación do vieiro.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga de cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 191,00 m²., de non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos.

Expediente 264/2018. Licenza de parcelación urbanística

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

EXPEDIENTE Nº 264/2018.-

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación solicitada por A. P. S. e outros, para parcelar unha finca inicial de 3.020,00 m²., sita na Serra de Nacente-Darbo (referencia catastral X e parte das parcelas X e X) en cinco parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola enxeñeira de montes R. C. R. de data novembro de 2017 e documentación modificada co novo plano elaborado de data novembro de 2018 e documentación incorporada ao expediente en data xaneiro de 2019, da cal resultan as seguintes parcelas netas: parcela 1 de 708,00 m²., a parcela 2 de 709,00 m²., a parcela 3 de 725,00 m²., a parcela 4 de 687,00 m²., e a parcela 5 de cesión de 191,00 m².

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga de cesión libre de cargas dos terreos sitios fóra de aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello no prazo de un mes, desde a notificación da concesión da licenza, por unha superficie de 191,00 m²., de non aportar dita escritura de cesión a licenza quedará sen efectos.





Expediente 5445/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5445/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. P. L., para reparar unhas beirarrúas no interior dunha parcela sita en rúa Carril, nº X-Donón-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil euros (1.000,00 €).

Expediente 386/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 386/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por S. P. M., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en lugar Pereiriña, nº X-O Espírito Santo Coiro, para cerramento de parcela na Serra de Poente, s/n (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 21 de xaneiro de 2019. O presuposto de execución material ascende a mil douscentos vinte e seis euros con noventa céntimos (1.226,90 €).

Acéptase a cesión gratuíta ao concello de 10,18 m2., de terreo, formalizada en acta de comparecencia de data 05.03.2019.

Expediente 247/2019. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 247/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por "GESTIÓN DE INMUEBLES COSTA BLANCA SLU", para obras interiores en vivenda sita en rúa Outeiro, nº X-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada o 14 e 17 de xaneiro de 2019. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil douscentos trinta e cinco euros (4.235 €).

Expediente 5530/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5530/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "PRAIA RODEIRA", para reparación de patio interior, consistente en impermeabilización, do edificio sito en Rodeira, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J. A. F. M.. O presuposto de execución das obras ascende a cinco





mil catrocentos noventa euros (5.490,00 €).

Expediente 757/2019. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 757/2019.- Dase conta da comunicación previa presentada por L. S. F, con enderezo a efectos de notificacións en rúa San José, nº X-baixo, titular do DNI nº X, para actividade de perruquería e estética no local sito en rúa San José, nº X (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 22 de marzo de 2019.

Expediente 5840/2018. Comunicación previa de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 5840/2018.- Dase conta da comunicación previa de actividade presentada por "MIROSLAVA ESPAÑA SL", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Eugenio Sequeiros, nº X, para actividade de tenda de roupa en rúa Eugenio Sequeiros, nº X-Cangas (referencia catastral X), segundo o informe favorable da arquitecta de data 22 de marzo de 2019.

Expediente 878/2019. Comunicación previa de cambio de titularidade de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 878/2019.- Dase conta da comunicación previa de cambio de titularidade presentada por "VALLEKAS ESPJ", con enderezo a efectos de notificacións en Praza Eirado do Señal, nº X, titular do CIF nº X, de comercio con degustación no local sito no Eirado do Sinal, nº X (referencia catastral X), que ata agora rexentaba D. D. F., segundo o informe favorable da arquitecta de data 22 de marzo de 2019.

Expediente 2672/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 27.03.2019, referente ao expediente nº 2672/2018-S, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:





"Resultando que no lugar de Pinténs-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar a instalación de tendido aéreo.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, 'UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN', promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6001 e 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a 'UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN', por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar a instalación de téndido aéreo, sen licenza para iso no lugar de Pinténs-O Hío.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción, que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE





DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valer, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

Expediente 7520/2017. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 27.03.2019, referente ao expediente nº 7520/2017, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Resultando que no lugar de rúa Sobreiriña, nº X-Nerga-O Hío, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar obras en edificación existente sen axustarse á licenza municipal nº 25.082, concedida para formación de cuberta.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, A. S. L., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/16, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que pode tipificarse en principio como leve, segundo o sinala o artigo 158.4 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 300 e 6.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1.a) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada Lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:





ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a Á. S. L., por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria do mesmo a do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lle concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse, no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instructor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de ser o caso ao denunciante) aos interesados, indicándolle que disporá dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo á interesada, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpoñer o que estime mais conveniente".

Expediente 3509/2018. (X-18/10) Reclamación patrimonial. Sentenza nº 68/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra (PA 146/2018)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía de data 25.03.2019, referente a Sentenza nº 68/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, que é como segue:

"Vista a Sentenza nº 68/2019 ditada o día 04.03.2019 polo Xulgado do





Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no PA nº 146/2018, tramitado a instancia de 'SEGURCAIXA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS' e DIEGO BROULLÓN FERRAL, contra o Concello de Cangas, en reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos no vehículo propiedade de D. B. F., ao pasar sobre unha fochanca en rúa Agustín Echeverri, en contía de mil novecentos vinte e nove euros con sesenta e un céntimos (1.929,61 €).

Vista a parte dispositiva da citada sentenza cuxo tenor literal é o seguinte:

'Estimo o recurso contencioso seguido perante este xulgado como proceso abreviado nº 146/2016, a instancia de 'Segurcaixa SA', e D. B. F., fronte ao Concello de Cangas, contra a desestimación presunta, por silencio, da reclamación, en concepto de responsabilidade patrimonial formulada polos demandantes, por escrito con entrada no seu rexistro de data 18.04.2017, en solicitude dunha indemnización polos danos e perdas ocasionados por un accidente o día 11.02.2017, sucedido en rúa Alcalde Agustín Echeverri, padecidos polo vehículo Audi A5, matrícula X, de titularidade do Sr. B., mentres circulaba conducido pola súa esposa S. B. C. S., ao pasar por riba dunha fochanca bache sita nesta calzada, non sinalizada.

Declaro dita resolución contraria a dereito e a anulo.

Condeno á demandada a aboarlle a 'Segurcaixa SA', a cantidade de mil setecentos vinte e nove euros con sesenta e un céntimos (1.729,61 €), e a D. B. F., a de douscentos euros (200,00 €), máis os intereses correspondentes desde a data da súa reclamación en vía administrativa.

Condeno á demandada ao pagamento das custas procesais causadas polo presente procedemento co límite máximo de catrocentos (400,00 €), referido no FJ 5º desta resolución.

Esta sentenza é firme, polo que coa súa notificación ás partes se lles advertirá de que fronte a esta non cabe interpor recurso ordinario ningún'.

Tendo en conta que este Concello ten subscrita unha póliza de seguro coa entidade MAPFRE para a cobertura deste tipo de continxencias, na cal se contempla unha franquía de trescentos euros (300,00 €) por sinistro.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 68/2019, ditada o día 04.03.2019 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no PA nº 146/2018, tramitado a instancia de 'SEGURCAIXA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS' e D. B. F., contra o Concello de Cangas en reclamación de responsabilidade patrimonial.

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe de trescentos euros (300,00 €), a favor de 'SEGURCAIXA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS', CIF nº X, con cargo ao vixente orzamento municipal e requirir á compañía 'MAPFRE', para que aboe aos demandantes a





diferenza resultante.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de intervención, tesourería e apoio xurídico".

Expediente 1827/2019. Dación de conta de Sentenza nº 572/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (PO 90/2015)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes datos:

1.- PO 90/2015.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA Nº 572/2018 DITADA POLO T.S.X. GALICIA CON/AD SEC.2, RECAÍDA NO RECURSO DE APELACION Nº 4075/2017

- O recorrente: "AMGECABE SL"

- Contido: desestimar o recurso de apelación interposto pola procuradora, M. S. T. A., en nome e representación de "AMGECABE SL", contra a Sentenza nº 267/2017, de 21 de novembro, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no Procedemento Ordinario nº 90/2015, pola que se estimou o recurso contra o acordo de concesión dunha licenza para a construción de un edificio comercial dedicado a supermercado de alimentación en Travesía Xosé María Castroviejo e Camiño do Meiral-Coiro en Cangas do Morrazo, confirmando integramente esta, con expresa imposición de custas ao apelante, se Ben limitada á cantidade máxima de mil euros (1.000 €).

Contra esta sentenza poderá interpoñerse recurso de casación perante esta sala ben perante a Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.

Expediente 186/2019. Dación de conta das axudas concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra POS 2018-2019

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada das axudas concedidas pola Deputación Provincial de Pontevedra, que acordou conceder con cargo ás bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicadas no BOPPO nº 2 de data 03.01.2018 e coas solicitudes formuladas polo Concello, as seguintes actuacións:

Denominación da actuación e liña	Importe concedido
Liña 1.- Acondicionamento espazo rúas Poio-Ensinanza	111.118,22
Liña 1.- Documento técnico pavimentación enlace barrio do Forte	88.612,12
Liña 2.- Tratamento de residuos sólidos urbanos (gasto corrente)	104.171,47
Liña 3.- Emprego para conservación e funcionamento de bens e servizos municipais (31 persoas)	255.040,48





Concello de Cangas

Expediente 4752/2018. Variación de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a M.C.B.S., con DNI nº X, con expediente nº 36008/01/000922–21171, do Servizo de axuda no fogar, por renuncia ao Servizo e pedimento de cambio de recurso a través do SAAD.

Data de efectos da baixa: 14 de decembro de 2018.

Expediente 2123/2017. Variación de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a E.S.I con DNI nºX, con expediente nº 36008/01/002295–32936, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 6 de febreiro de 2019.

Expediente 7193/2017. Variación de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a M.D.F.A., con DNI nº X e expediente nº 36008/01/002234 – 61318, do Servizo de axuda no fogar, por renuncia expresa da usuaria.

Data de efectos da baixa: 16 de xaneiro de 2019.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





Expediente 2228/2017. Variación de servizo de axuda no fogar		
Favorable	Tipo de	votación:
	Unanimidade/Asentimento	
Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:		
* DAR DE BAIXA a S.U.G.G., con DNI nº X, con expediente nº 36008/02/002525-46095, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.		
<u>Data de efectos da baixa:</u> 30 de xaneiro de 2019.		

Expediente 2145/2017. Variación de servizo de axuda no fogar		
Favorable	Tipo de	votación:
	Unanimidade/Asentimento	
Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:		
* DAR DE BAIXA a J.O.P., con DNI nºX e expediente nº 36008/01/003104-52329, do Servizo de axuda no fogar, por traslado do usuario a outro Concello.		
<u>Data de efectos da baixa:</u> 27 de decembro de 2018.		

Expediente 3449/2017. Variación de servizo de axuda no fogar		
Favorable	Tipo de	votación:
	Unanimidade/Asentimento	
Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:		
* DAR DE BAIXA a M.F.R.L., con DNI nº X, con expediente nº 36008/01/003072-50594, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.		
<u>Data de efectos da baixa:</u> 16 de xaneiro de 2019.		

Expediente 4559/2017. Variación de servizo de axuda no fogar		
Favorable	Tipo de	votación:
	Unanimidade/Asentimento	





Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a A.P.C., con DNI nº X, con expediente nº 36008/02/002258–56295, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 14 de xaneiro de 2019.

Expediente 384/2018. Variación de servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
-----------	------------------------------------	-----------

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a A.F.A., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/002554–44390, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 14 de marzo de 2019.

Expediente 2168/2017. Variación de servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
-----------	------------------------------------	-----------

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a E.CH.G., con DNI nº X, con expediente nº 36008/01/00292–11658, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 9 de xaneiro de 2019.

Expediente 2142/2017. Variación de servizo de axuda no fogar

Favorable	Tipo de Unanimidade/Asentimento	votación:
-----------	------------------------------------	-----------

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a J.P.S., con DNI nº X, con expediente nº 36008/02/001546





-29618, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 11 de febreiro de 2019.

Expediente 2166/2017. Variación de servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de
Unanimidade/Asentimento

votación:

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a I.F.B., con DNI nº X, con expediente nº 36008/01/001648-49532, do Servizo de axuda no fogar, por falecemento da usuaria.

Data de efectos da baixa: 12 de marzo de 2019.

Expediente 5844/2018. Proposta de renovación de licenzas municipais de venda ambulante

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 28.03.2019 da concelleira de desenvolvemento económica e emprego local, referente a prórroga das licenzas municipais de venda ambulante para o ano 2019, que é como segue:

"PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2019

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013), no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2018, os titulares foron requiridos co fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2019, no modelo formalizado proporcionado, outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licenzas municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do regulamento que dispón que se concederán 'previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos'.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados dentro do prazo outorgado para a renovación de licenzas, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2019 das licenzas municipais de venda ambulante das que son





titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licenzas de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, propono a Xunta de Goberno Local o seguinte:

Primeiro.- Renovar as licenzas municipais de venda ambulante para o ano natural 2019, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08.04.2013) a:

-Ref: 78. Pedro Ismael Escudero Jiménez

CAMBIOS TITULARIDADE

Aprobar o cambio de titularidade de:

-Ref: 45. R. J. S. – A. E. G.

-Ref:157. D. J. J. – M. G. N.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados, xunto cos recursos procedentes, así como, aos departamentos municipais de tesourería, estatística e concellería de desenvolvemento económico e emprego local".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de sinatura de convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia para a implantación do "Servizo de administración electrónica para concellos"

A Xunta de Goberno Local queda informada da sinatura en data 14.03.2019 da addenda ao convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a implantación do proxecto "SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS", que é como segue:

"ADDENDA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACION DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DA PROVINCIA CUNHA POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO 'SERVIZO DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA CONCELLOS'

En Pontevedra/Cangas 14-03-2019.

REUNIDOS





Dona M. C. S. R., presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

D. Xosé Manuel Pazos Varela, alcalde do Concello de Cangas, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Dando fe do acto, D. C. C. R., secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar este convenio e, en base aos principios de elaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

EXPOÑEN

Primeira.- Que con data 31 de marzo de 2017 aprobouse o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes para a implantación do proxecto 'Servizo de administración electrónica para concellos'

Segunda.- Que a cláusula sexta do convenio indicaba que a duración do convenio poderá ser prorrogado ata dous anos máis, no caso de que se prorrogue o acordo marco que rexe o procedemento de contratación do servizo. A prórroga deberá acordarse expresamente por mutuo acordo das partes, sen que poida producirse o seu consentimento tácito.

Terceira.- Que con data 11 de outubro de 2018 a Deputación de Pontevedra prorrogou o acordo marco que prestación do servizo para a implantación, uso e soporte dunha solución de administración electrónica para concellos (Expte. nº 2016008622) ata o 8 de novembro de 2020.

Cuarta.- Que o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, establece como competencia propia das deputacións provinciais dar soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.

Quinta.- Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio, no que se prevegan as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Sexta.- Que a Deputación de Pontevedra, consciente da gran demanda e a importancia do servizo de administración electrónica para os 53 concellos adheridos ao convenio, desexa estender, mediante esta addenda, o seu ámbito de aplicación.

Sétima.- Resultando de interese para o concello continuar co servizo de administración electrónica.

ACORDAN

PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia





Ampliar a vixencia do convenio ata o 8 de novembro de 2020, data de finalización do acordo marco.

A vixencia total do presente convenio non se estenderá máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDA.- Efectos da addenda

A presente addenda xurdirá efectos desde a súa sinatura.

Agás nas modificacións expostas na presente addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.

TERCEIRA.- Réxime xurídico

A regulación establecida nesta addenda axustarase, en todo o non especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e os concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes, para a implantación do proxecto "Servizo de administración electrónica para concellos".

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

